

PROGRAMACIÓN ECONOMÍA 4º ESO

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A programación didáctica de **Economía de 4º ESO** pretende a concreción dos elementos do currículo actual, coa finalidade de lograr os obxectivos así como o desenvolvemento das competencias clave expresadas na normativa, contribuíndo, do xeito que esta determina, ao logro das finalidades da ESO nos ámbitos de aplicación da LOMCE.

Esta programación redáctase de acordo cos criterios preceptivos expresados na normativa vixente:

- **L.O.M.C.E.** (Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a Mellora de Calidade Educativa)
- **Real Decreto 1105/2014, de 26 de decembro**, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato. (B.O.E. 3 de xaneiro de 2015).
- **Decreto 86/2015, do 25 de xuño**, polo que se establece o currículo da ESO e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. (D.O.G. 29 de xuño de 2015).
- **Orde ECD/65/2015, de 21 de xaneiro, (B.O.E. 29 de xaneiro)** pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.

A formación en economía faise necesaria nun contexto globalizado, no que as relacións entre os axentes económicos e sociais son cada día máis complexas. A consideración do comportamento económico das persoas na procura da satisfacción das súas necesidades, así como da produción e da organización dos bens e os servizos necesarios, e da distribución dos recursos escasos facilitan a comprensión da realidade social. Cuestións como as crises e as súas consecuencias, as desigualdades crecentes, a necesidade de protexer o medio ambiente ou a importancia da ética empresarial, xeran cada día máis interese e preocupación entre unha grande parte da poboación.

Calquera persoa necesita coñecer as regras básicas que explican os acontecementos económicos e a linguaxe específica utilizada por economistas e medios de comunicación para analizar eses feitos. O estudo da economía axuda a percibir e a coñecer o mundo, e posibilita analizar e afondar nas relacións humanas, facilita a comprensión dos conceptos utilizados habitualmente na análise económica e empresarial, serve para potenciar destrezas de razoamento, abstracción e interrelación, e proporciona ferramentas para examinar de xeito crítico a sociedade. Contribúe tamén a desenvolver a curiosidade intelectual, a capacidade

analítica, o rigor e a amplitude de perspectivas á hora de indagar no coñecemento de variables como o crecemento, a pobreza, a educación, a saúde, a riqueza, o ambiente, etc. Proporciona importantes coñecementos matemáticos e estatísticos, habilidades de comunicación oral e escrita para explicar e transmitir ideas e conclusións, con argumentos e evidencias empíricas, sentido da ética e respecto polo ser humano, así como unha intensa capacidade de traballo, tanto individual como en equipo.

O enfoque empregado pola economía na resolución dos problemas sociais distínguese das restantes ciencias sociais. A materia de 4º de ESO distribúese en seis bloques que permiten o estudo da economía como ciencia e do papel dos axentes económicos. No bloque 1 ("Ideas económicas básicas") recóllense aspectos relativos aos principios económicos, á terminoloxía propia e á metodoloxía da ciencia económica. No bloque 2 ("Economía e empresa") analízase o papel e o funcionamento do/da axente de empresas na economía. O seguinte bloque ("Economía persoal") está dedicado ao estudo da transcendencia das decisións económicas na vida das persoas. O cuarto bloque ("Economía e ingresos e gastos do Estado") repasa o papel estatal no funcionamento económico a través da análise dos seus ingresos e gastos. No quinto bloque ("Economía e tipos de xuro, inflación e desemprego") repásanse os aspectos máis salientables da economía financeira e a súa repercusión na actividade económica e o nivel de emprego. E para rematar, o bloque de "Economía internacional" fai un breve repaso do funcionamento do sector exterior da economía con especial fincapé nas repercusións da integración económica e a globalización.

A grande transcendencia social da economía queda reflectida na súa contribución ao fomento da mellora na calidade de vida, ao progreso e ao benestar social. Os coñecementos económicos teñen cada día máis valor, pola importancia de contar cunha cidadanía formada e pola relevancia dunha boa administración dos recursos. Neste sentido, os **ODS (Obxectivos de Desenvolvemento Sostible)** constitúen unha excelente referencia en relación coas necesidades cuxa satisfacción deberíamos priorizar cos recursos ao noso alcance. A **Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible do PNUD** (Programa de Nacións Unidas para o Desenvolvemento), asinada en setembro de 2015 por un grande número de países (193) para poñer ao mundo camiño á erradicación da pobreza e a sostenibilidade do planeta (17 obxectivos e 169 metas que conxugan as tres dimensións do desenvolvemento sostible: a económica, a social e a ecolóxica) é probablemente un dos maiores retos aos que nos enfrontamos neste século XXI, un reto tamén para o noso alumnado que deba ter un papel protagonista con accións encamiñadas á consecución de ditos obxectivos. En base a isto, a **Axenda 2030** vai constituír o marco xeral e a fonte de recursos e inspiración no desenvolvemento desta programación, tratando de favorecer un rol activo do alumnado a través da aprendizaxe baseada en proxectos (**ABP**).

Esta programación didáctica da materia de Economía de 4º ESO vai dirixida ao alumnado de Cambre que realiza o itinerario de ensinanzas académicas no noso centro. O termo municipal de Cambre está situado ao noroeste de Galicia, na comarca da Coruña, a 12 km. da capital da provincia, atravesado de leste a oeste polo río Mero, que alimenta o encoro de Cecebre. Ten aproximadamente 24.000 habitantes e está constituído por 12 parroquias. O noso centro, o **IES David Buján** está situado na Parroquia de Sigrás, cerca da capital do municipio.

Cambre é considerado un concello cun interesante emprazamento na área metropolitana da Coruña, con boas vías de comunicación. Situado a só 10 minutos do Aeroporto de Alvedro e a 15 minutos do Porto da Coruña, entre a Nacional VI e a Nacional 550 (A Coruña – Tui), con entrada e saída para a autoestrada A-9 (A

Coruña – Santiago) e para a A-6 (A Coruña – Madrid). Ademais, atravesado polo trazado ferroviario A Coruña – Lugo e A Coruña – Ferrol. Na estación de ferrocarril de Cambre e no apeadeiro de Cecebre fan parada algúns trens procedentes da Coruña ou de Vigo. Economicamente conta con parte do polígono industrial do Espírito Santo, onde está situado o núcleo económico do concello; aínda que a maior parte das empresas ubicadas no municipio pertencen ao sector servizos.

O municipio de Cambre é, con Culleredo, Arteixo e Oleiros, un dos municipios da área metropolitana coruñesa que experimentou un maior crecemento demográfico nos últimos anos. A pirámide de poboación é atípica, relativamente nova se temos en conta a tendencia cara ao envellecemento que experimentan a maioría dos municipios galegos. No entanto, é o outro instituto situado en A Barcala (IES Alfonso X O Sabio), o que escolariza maioritariamente aos nenos/as procedentes das poboacións máis novas do Temple e da Barcala. No IES David Buján estudan a ESO fundamentalmente mozos e mozas procedentes da poboación de Cambre (capital do municipio) e das parroquias máis rurais que conforman o concello (Sigrás, Anceis, Brexo – Lema, Bribes, Cecebre, Pravio, Santa Mª de Vigo, ...). De aí a dualidade existente na procedencia e no perfil do noso alumnado. Por unha parte alumnos/as que viven en pequenas aldeas, herdeiros das tradicións e costumes do medio rural; por outra parte, alumnado que procede do núcleo urbano de Cambre, de orixe máis diverso.

2. CONTRIBUCIÓN ÁS COMPETENCIAS CLAVE

A materia de **Economía** na Educación Secundaria Obrigatoria contribúe xunto ao resto a que o alumno adquira as capacidades que se buscan con cada competencia clave, pero tería especialmente a finalidade de desenvolver as competencias matemática, social e cívica, iniciativa e espírito emprendedor, ademais da competencia financeira que se engade de modo extracurricular.

Aínda que cada materia contribúe de maneira distinta á adquisición destas **competencias básicas**, o currículo de Economía contribúe especialmente ao seu desenvolvemento desta maneira:

a) **Competencia en comunicación lingüística.** Todas as materias deben contribuír á consecución desta competencia por parte do alumnado. A lectura, ademais de ser fonte de pracer, facilita a interpretación e comprensión permitindo facer uso da lingua falada e escrita. A finalidade da materia de Economía radica primordialmente en alcanzar un dominio na competencia comunicativa dos alumnos, para que ao termo da etapa educativa teñan adquirido a capacidade de entender noticias básicas relacionadas coa economía na prensa xeneralista, así como recibir, entender e emitir mensaxes de contido económico correctamente. Tal desenvolvemento permitiralles construír o pensamento e expresar opinións fundadas sobre as mesmas. A tal fin, introduciranse lecturas ao longo de todos os temas, comentarios de texto xornalístico ou a confección de actividades específicas de procura de información, de debate e análise.

b) **Competencia matemática.** A adquisición desta competencia por parte do alumno suporá que teña a capacidade de poñer en práctica procesos de razoamento que lle leven á solución de problemas da vida cotiá. A competencia levará tamén a que poida razoar os problemas para extraer información, sendo capaz de identificar a validez dos razoamentos e dos resultados obtidos.

c) **Competencia dixital.** Esta materia contribúe a potenciar esta competencia polo feito de ter como obxectivo proporcionar coñecementos e destrezas para a procura e selección de información fundamentalmente en prensa escrita. A procura desta información require o dominio das novas tecnoloxías da información para obter o máximo aproveitamento na fase de documentación á hora de realizar traballos de investigación. A realización guiada destas procuras constituirá un medio para o desenvolvemento da competencia dixital; a iso tamén contribúe, o uso que esta materia fai dos novos medios de comunicación dixitais que implican un uso social e participativo que os alumnos deben coñecer, valorar e utilizar de modo crítico e responsable.

A LOMCE específica a este respecto que, en canto á competencia dixital, os contidos, criterios e estándares de avaliación da materia incorporan o coñecemento e uso das principais aplicacións informáticas: os sistemas de tratamento de textos, follas de cálculo, almacenamento e xestión de información, correo electrónico, etc. Tamén se procura desenvolver no alumnado a capacidade de buscar, obter e tratar a información, así como de utilizala de maneira crítica e sistemática. Outra capacidade potenciada é a de utilizar ferramentas informáticas para producir, presentar e comprender información de complexidade progresiva e ter a habilidade necesaria para acceder a servizos baseados en Internet, buscalos e utilízalos; pero, ao mesmo tempo, tamén a capacidade de saber como empregar as TIC en apoio do pensamento crítico, a creatividade e a innovación.

d) **Competencia para aprender a aprender.** A adquisición desta competencia debe permitir ao alumno poder iniciar, organizar e persistir na aprendizaxe. O alumnado debe desenvolver a capacidade para motivarse por aprender, que á súa vez depende de que desde esta materia se xere a curiosidade e a necesidade desa aprendizaxe. A programación presentada busca, a través do xeito en que se presentan os contidos e do tipo de actividades expostas, que o estudante se sinta protagonista do proceso e do resultado da súa aprendizaxe e, finalmente, de que chegue a alcanzar as metas propostas.

e) **Competencia social e cívica.** A competencia social e cívica ten como obxectivo que o alumno logre un desenvolvemento persoal e profesional que lle permita unha eficaz incorporación á sociedade e a unha contorna laboral real. Neste sentido, a Economía é unha ferramenta poderosa para a interpretación do mundo e poder abordar os fenómenos e problemas sociais en distintos contextos. Para poder participar plenamente na sociedade democrática, é fundamental adquirir os coñecementos que permitan comprender e analizar de maneira crítica as opinións e comportamentos dos demais, respectando a diversidade. Por outra banda, a sociedade reclama cada vez máis a presenza de persoas emprendedoras con ideas propias e iniciativa, que, de forma responsable estean dispostas a participar e implicarse en procesos de mellora da sociedade.

f) **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.** É unha competencia moi relacionada coa materia. A consecución da competencia nos alumnos permitirá conseguir futuros cidadáns emprendedores que participen e melloren a sociedade de modo activo. Os contidos presentados na programación procuran fomentar no alumnado a súa capacidade de pensamento creativo, aspecto este fundamental para o nacemento dos emprendedores, así como o coñecemento do funcionamento das sociedades empresariais desde o punto de vista ético e de responsabilidade social.

g) **Conciencia e expresións culturais.** Aínda que non é unha competencia directamente relacionada coa materia, o ensino da materia tamén debe contribuír a conseguila desde o punto de vista da valoración das diferentes manifestacións culturais e artísticas que teñen a súa repercusión tamén na economía. Así, por exemplo, dentro dos contidos propostos abórdase o tema da globalización que tamén ten un compoñente cultural que esixe por parte do alumno unha actitude crítica e reflexiva.

h) **“Competencia financeira”.** Aínda que a LOMCE non cita a competencia financeira, dentro das capacidades que o alumno debe conseguir ao longo da etapa, esta programación aborda tamén dita competencia. A introdución da educación financeira no currículo de Educación Secundaria vén dada polas recomendacións da UE e da OCDE que mesmo a inclúe xa dentro das avaliacións realizadas nos informes PISA. As razóns para incluír a educación financeira son variadas, e van desde as cada vez máis frecuentes crises económicas, até a importancia de que os cidadáns aborden a toma de decisións de tipo financeiro coa maior información e coñecemento posible. Esta programación aborda este tipo de ensinanzas buscando no alumnado a adquisición de capacidades que lles permitan a toma de decisións intelixentes en materia financeira, mantendo unha actitude crítica e analítica ante todas as ofertas que se lles presenten. Os contidos expostos abordarán a planificación de gastos, a elaboración de orzamentos, ou o fomento do aforro como medio para a consecución da seguridade financeira no longo prazo.

3. OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE

4. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA

En relación cos contidos propostos para a ESO, establecemos para a área de Economía no curso de **4º de ESO** os seguintes **obxectivos**:

1. Integrar o concepto de economía como ciencia da elección. Identificar os principais axentes económicos, a súa actuación e as relacións entre eles. Valorar criticamente o impacto das accións dos axentes económicos sobre a contorna.
2. Adquirir e empregar vocabulario económico con precisión e rigor, de modo que permita coñecer, valorar e interpretar a realidade económica e social que nos rodea.
3. Describir a importancia da empresa e o emprendemento no proceso de creación de riqueza dunha sociedade.
4. Identificar as consecuencias das actividades empresariais para a propia empresa, os seus traballadores e a sociedade no seu conxunto.
5. Coñecer, controlar e xestionar as variables de ingresos e gastos dun orzamento persoal e saber decidir con racionalidade entre distintas alternativas económicas da vida persoal e relacionalas co benestar propio e social.
6. Analizar o papel do diñeiro no funcionamento da sociedade. Valorar o aforro como medio para alcanzar logros persoais.
7. Explicar o papel do sector público, como garante do marco de actuación e como axente económico. Valorar criticamente os efectos da súa actuación ou ausencia de actuación respecto da igualdade e o benestar dunha sociedade.
8. Diagnosticar os efectos da inflación como elemento distorsionador das decisións que toman os axentes económicos nunha sociedade.
9. Analizar as características principais do mercado de traballo, as políticas de emprego e valorar as oportunidades que presenta.
10. Coñecer e valorar as vantaxes que supuxo o comercio internacional, así como os custos que implicou no desenvolvemento dalgúns países. Valorar o potencial da integración económica e as perspectivas da economía galega no marco da internacionalización económica.
11. Buscar, seleccionar, comprender e valorar noticias económicas procedentes de distintas fontes.
12. Realizar tarefas en grupo e participar en debates cunha actitude construtiva, crítica e tolerante, fundamentando adecuadamente as opinións e valorando o diálogo como unha vía necesaria para a solución dos problemas económicos.

Para alcanzar os obxectivos desta materia, levarase a cabo un proceso de ensinanza e aprendizaxe eminentemente práctico, empregando tamén a dinámica de proxectos, para que o alumnado se forme nas capacidades e coñecementos necesarios para entender a realidade económica que nos rodea e para que sexa crítico con ela. Teranse en conta, para iso, as seguintes recomendacións: relacionar o proceso de ensino-aprendizaxe coa vida real, facilitar a construción de aprendizaxes significativos, relacionando o que o alumno xa sabe cos novos contidos, favorecer a capacidade de aprender a aprender e crear un clima de aceptación e cooperación fomentando o traballo en grupo.

Economía. 4º de ESO

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución	Unidade didáctica	Procedementos e instrumentos de avaliación
Bloque 1. Ideas económicas básicas						
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Economía como ciencia: actividade económica e sociedade. ▪ B1.2. Principios na toma de decisións económicas. ▪ B1.3. Escaseza, elección e asignación de recursos. Custo de oportunidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Explicar a economía como ciencia social e valorar o impacto permanente das decisións económicas na vida das persoas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB1.1.1. Recoñece a escaseza de recursos e a necesidade de elixir e tomar decisións como as claves dos problemas básicos de calquera economía, e comprende que todas as eleccións supoñen renunciar a outras alternativas e que todas as decisións teñen consecuencias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC 	Comprende o concepto de escaseza económica e relaciónao correctamente co concepto de custo das alternativas perdidas.	1	PE, PT, OM, OB, PR
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB1.1.2. Distingue formas de analizar e resolver problemas económicos, e identifica as súas vantaxes, os seus inconvenientes e as súas limitacións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CD 	Entende os principios básicos na toma de decisións de carácter económico.	1	PE, PT, PP, OM, OB, PR
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. O método na economía: modelos económicos. ▪ B1.5. Fronteira de posibilidades de produción. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Identificar a terminoloxía económica básica e o uso dos modelos económicos, e familiarizarse con eles. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB1.2.1. Comprende e utiliza correctamente termos da área da economía. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	Amplía progresivamente o seu léxico económico.	Todas	PE, PT, PP, OM, OB, PR
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB1.2.2. Diferencia entre economía positiva e economía normativa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSC 	É quen de distinguir proposicións positivas ("o que é") das proposicións normativas ("o que debería ser").	1	PE, PT, OM,, OB, PR
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB1.2.3. Representa e analiza graficamente o custo de oportunidade mediante a fronteira de posibilidades de produción (FPP). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT 	Interpreta correctamente o modelo económico básico da FPP.	2	PE, PT, PP, OB, PR
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.6. As relacións económicas básicas e a súa representación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Tomar conciencia dos principios da economía para aplicar nas relacións económicas básicas cos condicionantes de recursos e as necesidades. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB1.3.1. Representa as relacións que se establecen entre as economías domésticas e as empresas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC 	É quen de entender as relacións entre familias e empresas a través do fluxo circular da renda.	2,3	EO, PT, PP, OB, PR
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB1.3.2. Aplica razoamentos básicos para interpretar problemas económicos provenientes das relacións económicas do seu contorno. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC 	Identifica algún problema económico do seu contorno e razoa axeitadamente as súas posibles causas.	Todas	EO, TA, OB, PR
Bloque 2. Economía e empresa						
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. A empresa e o/a empresario/a. ▪ B2.2. Elementos, funcións 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Describir os tipos de empresas e as formas xurídicas das empresas, e relacionar con cada unha 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB2.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e relaciónaas coas esixencias de capital para a súa constitución e coas responsabilidades legais para cada tipo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSIEE 	Identifica correctamente as distintas formas xurídicas de empresas e as súas principais características.	4	EO, PE, PT, OM, PR, OB

Economía. 4º de ESO

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución	Unidade didáctica	Procedementos e instrumentos de avaliación
e obxectivos da empresa. ▪ B2.3. Clases de empresas. ▪ B2.4. Formas xurídicas da empresa.	coas súas esixencias de capital e as responsabilidades legais dos/das propietarios/as e xestores/as, así como as interrelacións das empresas no seu contorno inmediato.	▪ ECB2.1.2. Identifica e valora as formas xurídicas de empresas máis apropiadas en cada caso, en función das características concretas, aplicando o razoamento sobre clasificación das empresas.	▪ CAA ▪ CD	Reflexiona acerca da elección da forma xurídica máis axeitada en cada caso.	4	EO, PE, PT, PP, OM, OB, PR
		▪ ECB2.1.3. Distingue os tipos de empresas e de empresarios/as que actúan no seu ámbito, así como a forma de interactuar co seu contorno máis próximo e os efectos sociais e ambientais, positivos e negativos, que se observan.	▪ CSIEE ▪ CSC	Recoñece distintos tipos de empresas e reflexiona acerca da responsabilidade social de estas.	4	EO, PE, PT, OM, OB, PR
▪ B2.5. Proceso produtivo e factores produtivos. ▪ B2.6. Sectores da actividade económica.	▪ B2.2. Analizar as características principais do proceso produtivo.	▪ ECB2.2.1. Analiza os tipos de factores produtivos e as relacións entre produtividade, eficiencia e tecnoloxía.	▪ CMCCT ▪ CSC	Comprende cales son os factores de produción, calcula e analiza a súa produtividade e identifica procesos de produción eficientes.	2,3	PE, PT, PP, OM, OB, PR
		▪ ECB2.2.2. Identifica os sectores económicos, así como os seus retos e as súas oportunidades.	▪ CD ▪ CSC	Clasifica correctamente actividades económicas distintas por sectores.	2	PE, PT, PP, OM, OB, PR
▪ B2.7. Fontes de financiamento das empresas. Novas formas de financiamento.	▪ B2.3. Identificar as fontes de financiamento das empresas.	▪ ECB2.3.1. Explica as posibilidades de financiamento das empresas e diferencia o financiamento externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa.	▪ CCL ▪ CD ▪ CMCCT	Distingue as principais fontes de financiamento empresarial e os seus custos asociados.	4	EO, PE, PT, OM, OB, PR
▪ B2.8. Ingresos e custos da empresa: clasificación. ▪ B2.9. Resultados da empresa.	▪ B2.4. Determinar, para un caso sinxelo, a estrutura de ingresos e custos dunha empresa, calculando o seu beneficio.	▪ ECB2.4.2. Distingue os ingresos e os custos dunha empresa, calcula o seu beneficio ou a súa perda, aplicando razoamentos matemáticos, e interpreta os resultados.	▪ CD ▪ CMCCT	É quen de resolver supostos simples de cálculo do resultado empresarial.	3	PP, OM, OB, PR
▪ B2.10. Obrigas fiscais das empresas.	▪ B2.5. Diferenciar os impostos que afectan as empresas e a importancia do cumprimento das obrigas fiscais.	▪ ECB2.5.1. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa forma xurídica e as actividades, e sinala o funcionamento básico dos impostos e as principais diferenzas entre eles.	▪ CD ▪ CMCCT	Distingue cales son os principais impostos que gravan a actividade empresarial no noso país.	4	PE, PT, OM, OB, PR
		▪ ECB2.5.2. Valora a achega que para a riqueza nacional supón a carga impositiva que soportan as empresas.	▪ CSC	Reflexiona acerca da importancia do cumprimento das obrigas fiscais para o benestar colectivo.	4	PE, PT, OB, PR

Economía. 4º de ESO

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución	Unidade didáctica	Procedementos e instrumentos de avaliación
Bloque 3. Economía persoal						
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Orzamento persoal. Control de ingresos e gastos. ▪ B3.2. Xestión do orzamento. Obxectivos e prioridades. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Realizar un orzamento persoal distinguindo entre os tipos de ingresos e gastos, e controlar o seu grao de cumprimento e as posibles necesidades de adaptación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB3.1.1. Elabora un orzamento ou plan financeiro persoal, identificando os ingresos e os gastos integrantes, e realiza o seu seguimento. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CD ▪ CMCCT 	É quen de ordenar axeitadamente ingresos e gastos persoais de cara á elaboración dun orzamento persoal.	5	PP, TA, OB, PR
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB3.1.2. Utiliza ferramentas informáticas na preparación e desenvolvemento dun orzamento ou plan financeiro personalizado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CD ▪ CMCCT 	Desenvolve un exemplo de orzamento persoal a través dunha folla de cálculo.	5	PP, TA, OB, PR
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB3.1.3 Manexa gráficos de análise que permiten comparar unha realidade personalizada coas previsións establecidas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CD ▪ CMCCT 	É quen de utilizar gráficos na folla de cálculo de cara á análise dos datos do orzamento.	5	PP, TA, OB, PR
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Planificación económico-financieira: necesidades económicas nas etapas da vida. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Decidir con racionalidade ante as alternativas económicas da vida persoal, e relacionalas co benestar propio e social. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB3.2.1. Comprende as necesidades de planificación e do manexo de asuntos financeiros ao longo da vida. Esa planificación vincúlase á previsión realizada en cada etapa, de acordo coas decisións tomadas e a marcha da actividade económica nacional. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE 	Reflexiona en relación á conveniencia de planificar minimamente as finanzas persoais ao longo da vida.	5,6	PP, TA, OB, PR
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Aforro e endebedamento. Os plans de pensións. ▪ B3.5. Risco e diversificación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Expresar unha actitude positiva cara ao aforro, e empregar o aforro como medio para alcanzar diversos obxectivos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB3.3.1. Recoñece e explica a relevancia do aforro e do control do gasto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSC 	Entende a importancia de xerar aforro de cara ao futuro.	5,6	PT, PP, TA, OB, PR
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB3.3.2. Analiza as vantaxes e inconvenientes do endebedamento, valorando o risco e seleccionando a decisión máis axeitada para cada momento. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSC 	Analiza as vantaxes e inconvenientes de endebedarse para a adquisición de determinados bens.	5,6,7	PP, TA, OB, PR
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.6. O diñeiro. ▪ B3.7. Contratos financeiros: contas e tarxetas de débito e crédito. ▪ B3.8. Relacións no mercado financeiro: información e negociación. ▪ B3.9. Implicacións dos contratos financeiros. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Recoñecer o funcionamento básico do diñeiro e diferenciar os tipos de contas bancarias e de tarxetas emitidas como medios de pagamento, e valorar a oportunidade do seu uso con garantías e responsabilidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB3.4.1. Comprende os termos fundamentais e describe o funcionamento das contas na operativa bancaria. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT 	Comprende os aspectos básicos da operativa bancaria.	7	PE, PT, OM, OB, PR
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB3.4.2. Valora e comproba a necesidade de interpretar as cláusulas dos contratos bancarios para coñecer os dereitos e as obrigas que se derivan delas, así como a importancia de operar en condicións de seguridade cando se empregan procedementos telemáticos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CD 	Reflexiona acerca da importancia de comprender as cláusulas dos contratos bancarios.	7	PT, PP, TA, OB, PR

Economía. 4º de ESO

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución	Unidade didáctica	Procedementos e instrumentos de avaliación
Dereitos e responsabilidades dos/das consumidores/as no mercado financeiro.		<ul style="list-style-type: none"> ECB3.4.3. Recoñece a capacidade de negociación coas entidades financeiras e analiza os procedementos de reclamación ante estas. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CD 	Entende a importancia de negociar cos bancos as mellores condicións posibles.	7	PT, PP, TA, OB, PR
		<ul style="list-style-type: none"> ECB3.4.4. Identifica e explica as modalidades de tarxetas bancarias, así como os elementos e os procedementos que garanten a seguridade na súa operativa. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CD CMCCT 	Diferencia distintos tipos de tarxetas bancarias e reflexiona acerca da importancia de utilizalas con seguridade.	7	PE, PT, TA, OB, PR
<ul style="list-style-type: none"> B3.10. O seguro como medio para a cobertura de riscos. Tipoloxía de seguros. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.5. Coñecer o concepto de seguro e a súa finalidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ECB3.5.1. Identifica, describe e clasifica os tipos de seguros segundo os riscos ou as situacións adversas nas etapas da vida. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CCL CMCCT 	Distingue distintos tipos de seguro e valora a importancia das continxencias cubertas.	6	PT, PP, OM, OB, PR
Bloque 4. Economía e ingresos e gastos do Estado						
<ul style="list-style-type: none"> B4.1. Orzamentos públicos: ingresos e gastos do Estado. 	<ul style="list-style-type: none"> B4.1. Recoñecer e analizar a procedencia das principais fontes de ingresos e gastos do Estado, e interpretar gráficos onde se amose esa distribución. 	<ul style="list-style-type: none"> ECB4.1.1. Identifica as vías de onde proceden os ingresos do Estado, así como as principais áreas dos gastos do Estado, e comenta as súas relacións. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CSC 	Recoñece cales son os principais ingresos e gastos do Estado.	10	EO, PE, PT, TA, OM, OB, PR
		<ul style="list-style-type: none"> ECB4.1.2. Analiza e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos ingresos e os gastos do Estado. 	<ul style="list-style-type: none"> CD CMCCT 	Comprende e analiza series de datos de ingresos e gastos públicos.	10	EO, PE, PT, PP, TA, OB, PR
		<ul style="list-style-type: none"> ECB4.1.3. Distingue nos ciclos económicos o comportamento dos ingresos e dos gastos públicos, así como os efectos que se poden producir ao longo do tempo. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CSC 	Relaciona axeitadamente o comportamento dos ingresos e gastos públicos en cada fase do ciclo económico.	10	EO, PE, PT, PP, TA, OM, OB, PR
		<ul style="list-style-type: none"> ECB4.1.4. Describe o contido dos orzamentos públicos e argumenta a necesidade de prever os ingresos e os gastos, e controlar a súa execución. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CSC 	Analiza diferentes partidas dos orzamentos públicos e reflexiona acerca da necesidade de controlar a súa execución.	10	EO, PE, PT, PP, TA, OB, PR
<ul style="list-style-type: none"> B4.2. A débeda pública e o déficit público. 	<ul style="list-style-type: none"> B4.2. Diferenciar e explicar os conceptos de débeda pública e déficit público. 	<ul style="list-style-type: none"> ECB4.2.1. Comprende e expresa as diferenzas entre os conceptos de débeda pública e déficit público, así como a relación que se produce entre eles. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CMCCT 	Diferencia os conceptos de déficit e débeda pública.	10	EO, PE, PT, PP, TA, OM, OB, PR
<ul style="list-style-type: none"> B4.3. Desigualdades económicas e distribución 	<ul style="list-style-type: none"> B4.3. Determinar o impacto para a sociedade da 	<ul style="list-style-type: none"> ECB4.3.1. Coñece e describe os efectos da desigualdade da renda e os instrumentos de 	<ul style="list-style-type: none"> CCL 	Identifica as desigualdades no reparto da renda como	10	EO, PE, PT, PP,

Economía. 4º de ESO						
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución	Unidade didáctica	Procedementos e instrumentos de avaliación
da renda.	desigualdade da renda e estudar as ferramentas de redistribución da renda.	redistribución desta.	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CSC 	un problema a resolver a través da función redistributiva do Estado.		TA, OM, OB, PR
		<ul style="list-style-type: none"> ECB4.3.2. Interpreta gráficos representativos da distribución da renda 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CD CMCCT 	Comprende gráficos sobre a distribución persoal, funcional e espacial da renda.	10	EO, PT, PP, OB, PR
Bloque 5. Economía e tipos de xuro, inflación e desemprego						
<ul style="list-style-type: none"> B5.1. Tipos de xuro. B5.2. Inflación. B5.3. Consecuencias dos cambios nos tipos de xuro e inflación. B5.4. Desemprego: clasificación e consecuencias. 	<ul style="list-style-type: none"> B5.1. Diferenciar as magnitudes de tipos de xuro, inflación e desemprego, analizar as relacións entre elas e interpretar datos e gráficos vinculados con esas magnitudes. 	<ul style="list-style-type: none"> ECB5.1.1. Describe as causas da inflación e valora as súas principais repercusións económicas e sociais. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CSC 	Identifica as consecuencias negativas dunha inflación descontrolada.	8	EO, PE, PT, PP, TA, OB, PR
		<ul style="list-style-type: none"> ECB5.1.2. Explica o funcionamento dos tipos de interese e as consecuencias da súa variación para a marcha da economía. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CMCCT CSC 	Interpreta axeitadamente que son os tipos de xuro e que consecuencias ten a súa variación na economía.	8	EO, PE, PT, PP, TA, OB, PR
		<ul style="list-style-type: none"> ECB5.1.3. Valora e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos tipos de xuro, inflación e desemprego. 	<ul style="list-style-type: none"> CD CMCCT 	É quen de comprender o significado de gráficos relacionados coa evolución dos tipos de xuro, a inflación ou o desemprego.	8,9	EO, PE, PT, PP, TA, OB, PR
<ul style="list-style-type: none"> B5.5. Causas do desemprego e políticas contra o desemprego. O desemprego en Galicia. B5.6. Perspectivas da ocupación. 	<ul style="list-style-type: none"> B5.2. Valorar opcións de políticas macroeconómicas para facer fronte ao desemprego. 	<ul style="list-style-type: none"> ECB5.2.1. Describe as causas do desemprego e valora as súas principais repercusións económicas e sociais. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CMCCT CSC 	Entende as principais causas do desemprego.	9	EO, PE, PT, TA, OB, PR
		<ul style="list-style-type: none"> ECB5.2.2. Analiza os datos de desemprego en España e as políticas contra o desemprego. 	<ul style="list-style-type: none"> CD CSC 	É quen de analizar os principais datos da EPA e do SEPE sobre a evolución do desemprego.	9	EO, PE, PT, PP, TA, OB, PR
		<ul style="list-style-type: none"> ECB5.2.3. Investiga e recoñece viveiros e tendencias de emprego. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CD 	Reflexiona acerca das tendencias e xacementos de emprego.	9	EO, PE, OB, PR
Bloque 6. Economía internacional						
<ul style="list-style-type: none"> B6.1. Globalización económica. 	<ul style="list-style-type: none"> B6.1. Valorar o impacto da globalización económica, do 	<ul style="list-style-type: none"> ECB6.1.1. Valora o grao de interconexión das economías de todos os países do mundo e aplica a 	<ul style="list-style-type: none"> CAA 	Entende o fenómeno da globalización e é quen de	11,12	EO, PE, TA, OB, PR

Economía. 4º de ESO

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución	Unidade didáctica	Procedementos e instrumentos de avaliación
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.2. Comercio internacional. ▪ B6.3. Integración económica e monetaria europea. ▪ B6.4. Economía e ambiente: sustentabilidade. 	comercio internacional e dos procesos de integración económica na calidade de vida das persoas e no ambiente.	perspectiva global para emitir xuízos críticos.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC 	analízalo criticamente.		
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB6.1.2. Explica as razóns que xustifican o intercambio económico entre países e que inflúen nel. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC 	Reflexiona acerca da importancia do comercio internacional.	11	EO, PE, PT, TA, OB, PR
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB6.1.3. Analiza e presenta acontecementos económicos contemporáneos no contexto da globalización e o comercio internacional. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CD ▪ CSC 	É quen de poñer exemplos relacionados co fenómeno da globalización.	12	EO, PE, TA, OB, PR
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB6.1.4. Recoñece e enumera vantaxes e inconvenientes do proceso de integración económica e monetaria da Unión Europea. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CSC 	Comprende o proceso de integración económica da UE e algunhas das súas consecuencias.	11	EO, PE, PT, TA, OB, PR
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB6.1.5. Reflexiona sobre os problemas ambientais e a súa relación co impacto económico internacional, e analiza as posibilidades dun desenvolvemento sustentable. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSC 	Recoñece a importancia dun desenvolvemento sustentable.	12	EO, PE, PT, TA, OB, PR

5. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS

Tendo en conta a metodoloxía de aprendizaxe por proxectos que se aplicará ao longo do curso, a **temporalización** das unidades didácticas será flexible en función dos proxectos que se leven a cabo, tomando como referencia os contidos e estándares de aprendizaxe asociados a cada bloque de contido. A modo de referencia inclúese o seguinte cadro:

	Bloques de contido	Unidade didáctica
1ª Aval.	Bloque I Ideas económicas básicas	1. Economía, a ciencia útil (7 horas) 2. Producción e crecemento (7 horas)
	Bloque II Economía e empresa	3. Mercados e empresa (9 horas) 4. A empresa e o seu contexto (9 horas)
2ª Aval.	Bloque III Economía persoal	5. Planificación financeira (7 horas) 6. Saúde financeira (7 horas) 7. O diñeiro e as súas formas (7 horas)
	Bloque V Economía e tipos de interese, inflación e desemprego	8. Producción e prezos (10 horas)
3ª Avaliación	Bloque V Economía e tipos de interese, inflación e desemprego	9. O mercado de traballo (9 horas)
	Bloque IV Economía e ingresos e gastos do Estado	10. As contas do Estado (9 horas)
	Bloque VI Economía e tipos de interese, inflación e desemprego	11. O comercio internacional e a UE (7 horas) 12. A globalización e os desequilibrios da economía mundial (7 horas)

6. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

Tomando como referencia os **Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (Axenda 2030 da ONU para “Transformar o noso mundo”)**, e de acordo coas liñas establecidas no **Plan de Acción Axenda 2030** desenvolvido polo Goberno de España para contribuír á consecución de tales obxectivos e en liña coas **Estratexias Española e Galega de Economía Circular**, destinadas a impulsar a transición cara un modelo económico e produtivo no que o valor dos produtos, os materiais e os recursos se manteña na economía durante o maior tempo posible e minimize a xeración de residuos e facéndonos eco por outra parte tamén das demandas do movemento estudiantil nacido en Europa en 2018 da man da moza sueca Greta Thunberg, “Youth for Climate” e que se estendeu ao resto do mundo a través dos chamados “Fridays for Future”; esta proposta metodolóxica consiste na creación dun espazo de emprendemento sostible dirixido inicialmente ao alumnado que cursa as materias de Economía que desperte a creatividade e o desenvolvemento de iniciativas que contribúan ao desenvolvemento sostible, con capacidade de traspasar a aula para converterse en proxectos interdisciplinares. Trátase dunha proposta aberta e global, na que a través da **metodoloxía de traballo por proxectos** (ABP, PBL -Project Based Learning-) e a **aprendizaxe colaborativa**, desenvolveranse **iniciativas de emprendemento sostible** vinculadas aos **ODS (Obxectivos de Desenvolvemento Sostibles)**. Para esta materia, centrarémonos fundamentalmente nos **ODS** máis relacionados cos contidos de carácter económico que establece o currículo da materia:

ODS 1: Fin da pobreza.

ODS 2: Fame cero.

ODS 8: Traballo decente e crecemento económico.

ODS 10: Redución das desigualdades.

ODS 12: Produción e consumo responsables.

ODS 13: Acción polo clima. ...

O traballo por proxectos favorece un aprendizaxe orientado á acción no que os estudantes poñen en xogo un amplo conxunto de coñecementos, habilidades ou destrezas, considerando especialmente a **integración das TIC** no proceso de ensinanza-aprendizaxe. A tal fin farase uso dun contorno común virtual de traballo (**Google apps for education**) a partir das ferramentas asociadas ao correo corporativo do centro (iesdavidbujan.com), tales como a creación de espazos virtuais creados a través de Blogger ou de Google Sites, sen esquecer a potencialidade da propia web do centro e da súa Aula virtual.

A aprendizaxe colaborativa e significativa require crear na aula un clima que favoreza a autonomía do alumnado na toma de decisións, a participación na organización do proceso de ensino-aprendizaxe, a responsabilidade como persoa pertencente a un grupo de traballo cooperativo, a coordinación de intereses e a superación de calquera tipo de discriminación, entre outras cuestións. Con tal fin, a proposta queda aberta tamén á utilización doutras metodoloxías que axuden a contextualizar a aprendizaxe tales como a aprendizaxe baseada en problemas, o estudo do caso, aprendizaxe e servizo...

Un dos eixes da materia será o desenvolvemento dun proxecto denominado xenericamente **“Axenda 2030 Economía IES David Buján”**, ligado á proposta ou seguimento de iniciativas que se vaian desenvolvendo na aula para avanzar na consecución dos **ODS** coas contribucións do propio alumnado ao longo do curso, as cales serán publicadas nun blogue/web con ligazón á web do centro, e tendo como referencia en todo momento o currículo da materia.

Ademais do traballo no proxecto, a fin de asegurar o desenvolvemento da totalidade dos contidos do currículo, para cada unha das doce unidades didácticas levaranse ademais a cabo as seguintes accións:

- Desenvolvemento dos contidos de cada unidade de maneira clara e concisa con actividades ao final para comprobar se o alumno asimilou correctamente os contidos.
- Ao longo das unidades ofreceranse ademais actividades prácticas que requiren un maior nivel de reflexión e actividades no ámbito da denominada “**gamificación**”, ben en formato papel ou a través de plataformas dixitais, segundo os medios dispoñibles.

As actividades a desenvolver tanto no traballo por proxectos como as complementarias que se propoñan formularanse cos seguintes criterios:

- Que desenvolvan a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo, que proporcionen situacións de aprendizaxe que esixan unha intensa actividade mental e leven a reflexionar e a xustificar as afirmacións ou as actuacións.
- Que estean interrelacionadas cos contidos teóricos e que teñan unha formulación clara, para que o alumnado entenda sen dificultade o que debe facer.
- Que sexan variadas e permitan afianzar os conceptos; traballar os procedementos, desenvolver actitudes que colaboren á formación humana e atender á diversidade na aula (teñan distinto grao de dificultade).
- Que dean unha proxección práctica aos contidos, aplicando os coñecementos á realidade.
- Que sexan motivadoras e conecten cos intereses do alumnado, por referirse a temas actuais ou relacionados co seu ámbito.
- Que a corrección das actividades fomente a participación do alumnado en clase, aclarando as dúbidas e permitindo ao profesorado coñecer, de forma case inmediata, o grao de asimilación dos conceptos teóricos, o nivel co que se manexan os procedementos e os hábitos de traballo.

Ao longo do curso tamén se fará uso do modelo pedagóxico denominado “**Flipped classroom**”, un modelo que transfire o traballo de determinados procesos de aprendizaxe fóra da aula e utiliza o tempo de clase, xunto coa experiencia do docente, para facilitar e potenciar outros procesos de adquisición e práctica de coñecementos dentro da aula, procurando que o tempo de clase quede liberado para que se poida facilitar a participación dos estudantes na aprendizaxe activa a través de preguntas, debates e actividades aplicadas que fomenten a exploración, a articulación e a aplicación de ideas, permitindo así unha atención máis individualizada e dedicar máis tempo á atención á diversidade, ademais de crear un ambiente de aprendizaxe máis colaborativo na aula.

En relación coa metodoloxía descrita neste apartado, o alumnado poderá facer uso puntualmente do teléfono móbil na aula nos termos que estableza o profesor cunha finalidade exclusivamente didáctica e de acordo co establecido na normativa educativa vixente e nas Normas de organización e funcionamento do centro (NOF).

7. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Aínda que no seu momento, o departamento fixou como libro de texto para **Economía 4º ESO** o da Editorial McGraw-Hill; autor: Anxo Penalonga Sweers (ISBN: 978-84-486-0953-5), o profesor ao longo do curso subministrará recursos suficientes ao alumnado que farán que o libro de texto non sexa un material imprescindible, desaconsellando por tanto a adquisición do mesmo.

No libro os contidos son distribuídos ao longo das doce unidades que comezan cunha presentación e o sumario dos contidos que se van a traballar. Os **contidos** da unidade preséntanse organizados en apartados de dobre páxina que responden a **un estándar de aprendizaxe** concreto e á adquisición e desenvolvemento das competencias clave correspondentes do currículo.

Coa irrupción de manuais gratuítos e recursos abertos na rede dispoñibles para o estudo da materia, o libro de texto tradicional pasa a ser só unha referencia máis entre os demais manuais e recursos dispoñibles que empregaremos ao longo do curso:

- Os manuais gratuítos que ofrecen na súa web algúns profesores. Por exemplo:
José Sande: <http://josesande.com/> Javier Martínez Argudo: <http://www.econosublime.com/p/libro-gratuito-4-eso-economia.html>
Berta Bayo Herranz: <https://economiaesoaguasvivas.blogspot.com/>
- Acceso a textos xornalísticos da prensa diaria ou especializada e uso da prensa dixital, así como documentais espazos televisivos onde se traten temas relacionados coa materia e que presenten propostas concretas de actividades que sirvan para vincular os contidos desenvolvidos na aula cos acontecementos económicos cotiáns. A integración das tecnoloxías da información e comunicación serán fundamentais ao longo de todo o curso: consulta de páxinas web de determinados organismos públicos, institucións ou empresas que poden proporcionar información interesante para a materia coa finalidade da realización de traballos individuais ou en grupo do alumnado, con exposición posterior das ideas propias ou dos resultados dos traballos realizados.
- A utilización da aula virtual da páxina web do centro (plataforma **Moodle**) permitirá complementar a ensinanza presencial no centro co reforzo e aprendizaxe das ferramentas proporcionadas por un contorno virtual destas características, cuxa utilización é perfectamente compatible desde o centro ou fóra de el, en horas lectivas ou non. En calquera momento o alumnado pode consultar os documentos almacenados por unidades didácticas, os cuestionarios realizados, cualificacións, ligazóns, ...

<http://www.edu.xunta.es/centros/iesdavidbujan/aulavirtual/>

OUTROS LIBROS DE USO PARA O ALUMNADO: algúns deles se encontran a disposición do alumnado na Biblioteca do centro ou no departamento de Economía.

Nº	Autor	Título	Editorial
1	Amat Salas, Oriol	La Bolsa: Funcionamento y técnicas para invertir	Deusto
2	Galbraith, J.K.	Introducción á economía	Ed. Crítica
3	Pulido, A.	Viaxes por Econolandia	Ed. Pirámide
4	Rodrigo, Nuño	La Bolsa contada con sencillez	Maeva
5	Sampedro, José Luis	El mercado y nosotros	Penthatlon edicións
6	Sampedro, José Luis	El mercado y la globalización	Edicións Destino
7	Tamames, Ramón	Diccionario de Economía y finanzas	Alianza Editorial.
8	Trujillo Ruíz, Fco. de Borja	Pasatiempos de introducción a la Economía	Ed. Univ. Polit. Valencia
9	Trías de Bes, Fernando	El vendedor de tiempo	Empresa Activa
BANDA DESEÑADA			
1	Sande, José e Calvo, Juan Carlos	Bolsa en ½ hora	Compartiendo Conocimiento, S.L.
2	Sande, José e Calvo, Juan Carlos	Economía en ½ hora	Compartiendo Conocimiento, S.L.
3	Sande, José e Calvo, Juan Carlos	Emprender en ½ hora	Compartiendo Conocimiento, S.L.
4	Sande, José e Calvo, Juan Carlos	Empresa en ½ hora	Compartiendo Conocimiento, S.L.
5	Sande, José e Calvo, Juan Carlos	Finanzas en ½ hora	Compartiendo Conocimiento, S.L.
6	Sande, José e Calvo, Juan Carlos	Historia de la Economía en ½ hora	Compartiendo Conocimiento, S.L.

BIBLIOGRAFÍA DE APOIO:

Nº	Autor	Título	Editorial
1	Aguilella Albella, Salvador e outros	Manual básico de Economía en galego	La Voz de Galicia, S.A.
2	Bajo y Monés	Curso de Macroeconomía	Antoni Bosch Editor
3	Bajo & Monés & Escobedo	Ejercicios de Macroeconomía	Antoni Bosch Edito
4	Baldwin, Carlos e Jiménez, Emilio	Cómo dominar la Economía. Introducción general a la Economía	Editorial Playor
5	Barber, William J.	Historia del pensamiento económico	Alianza Universidad
6	Belzunegui, Bernardo e outros	Macroeconomía	McGraw-Hill (Schaum)
7	Bergstrom y Varian.	Ejercicios de Microeconomía intermedia	Antoni Bosch Editor
8	Blanco Ramos, Ignacio	Economía	Everest
9	Bradley R. Schiller	Principios Esenciales de Economía	McGraw-Hill
10	Caro Carretero, Raquel.	Introducción a la Economía. Cien preguntas	Dykinson, SL

		clave y sus respuestas.	
11	Carrasco Pradas, Amparo e outros	Cuestiones tipo test de Introducción a la Economía	Pearson Prentice-Hall
12	Castejón Montijano, Rafael e outros.	Acceso a la Economía	Ed. UNED
13	Castro, A. e Lessa, C.	Introducción a la Economía (Un enfoque estructuralista)	Siglo Veintiuno de España Editores, SA
14	Conway, Edmund	50 cosas que hay que saber sobre Economía	Ariel
15	Cuervo, Arango y Trujillo	Introducción a la Economía	McGraw-Hill
16	Delgado, M ^a Jesús e outras	Ejercicios de Economía aplicada	Ariel Practicum
17	Estefanía, Joaquín	Qué es la globalización?	Aguilar
18	Frank, Robert	El economista naturalista	Ed. Península
19	Galbraith, John Kenneth	Historia de la Economía	Ariel
20	Galbraith, John Kenneth	Introducción a la Economía. Una guía para todos o casi.	Ed. Crítica
21	Galeano, Eduardo	Las venas abiertas de América Latina	S. XXI de España edit.
22	Garvie, Alejandro	Economía para principiantes	Era Naciente
23	Gimeno, Juan e Guirola, José	Introducción a la Economía: Libro de prácticas	McGraw-Hill
24	González Laxe, Fernando	Estructura económica de Galicia	Espasa Calpe
25	González Rabanal, Concepción	Las elasticidades en economía	Ed. UNED
26	Harford, Tim	El economista camuflado	Ed. Temas de Hoy
27	Krugman, Paul	Vendiendo prosperidad	Ariel Sociedad Económica
28	Krugman, Paul	El retorno de la economía de la depresión	Crítica
29	Landeta Basterrechea, M.J.	Elementos de Economía	Larrauri
30	Lipsey, Richard G.	Principios de Economía Positiva	Ed. Vicens Vives
31	Martín Simón, José Luis	Principios de Economía	Pearson Prentice Hall
32	Martínez Peinado, Javier e Vidal Villa, José	Economía mundial	Ed. McGraw-Hill
33	Massiá, José Vicente e outros	Introducción a la Macroeconomía	ESIC Editorial
34	Méndez Pérez, Esther e outra	Introducción a la Economía: Ejercicios y Prácticas	Pearson/Prentice-Hall
35	Mochón, Francisco	Economía. Teoría y política.	Ed. McGraw-Hill
37	Mochón, Francisco	Principios de Economía (+ Libro de problemas)	Ed. McGraw-Hill
38	Moslares, Carlos e González, Higinio	Elementos prácticos para la enseñanza de la Economía	Horsori Editores
39	Muñoz Ciudad, Cándido	Introducción a la Economía aplicada. Cuentas nacionales, tablas input-output y BP.	Ed. Espasa Calpe. Biblioteca de Economía
40	O'Kean, José María	Análisis del entorno económico de los negocios.	McGraw-Hill

41	Pampillón Fernández, Fernando	Ejercicios de Sistema Financiero Español	Editorial Dykinson
42	Pérez Zabaleta, A.; Méndez Pérez, E.; Castejón Montijano, R. e Martínez Merino, J.L.	Medios y técnicas en la Enseñanza de Cursos introductorios de Economía	Textos de Educación Permanente. UNED.
43	Piketty, Thomas	El capital en el siglo XXI	Fondo de Cultura Económica
44	Piketty, Thomas	Capital e ideología	Deusto
45	Pulido San Román, Antonio	Economía para entender	Ed. Pirámide
46	Riechmann, J.; Naredo, J. M.; Bermejo, R. e outros.	De la Economía a la Ecología	Editorial Trotta
47	Rifkin, Jeremy	La economía del hidrógeno	Paidós
48	Rodríguez Sáiz, L.; Parejo, J.A.; Cuervo, Á. e Calvo, A.	Manual de sistema financiero español	Ariel Economía
49	Sachs, Jeffrey	El fin de la pobreza. Como conseguirlo en nuestro tiempo.	Debate
50	Samuelson, Paul A. e Nordhaus, William D.	Economía	McGraw-Hill
51	Sebastián, Miguel e García-Pardo, Jimena.	Ejercicios de introducción a la Economía	McGraw-Hill
52	Simón Segura, Francisco	Manual de Historia Económica Mundial y de España	Ed. Centro de Estudios Ramón Areces
53	Sloman, John	Introducción a la Microeconomía	Prentice Hall
54	Stiglitz, Joseph E.	Cómo hacer que funcione la globalización	Taurus
55	Stiglitz, Joseph E.	El malestar en la globalización	Taurus
56	Sutcliffe, Bob	100 imágenes de un mundo desigual	Icaria Editorial
57	Sylos Labini, Paolo	Subdesarrollo y economía contemporánea	Ed. Folio
58	Tamames, Ramón	Curso rápido de Economía y Finanzas.	Ediciones 2010
59	Tamames, Ramón	La Economía española. De la transición a la Unión Monetaria.	Ed. Temas de Hoy
60	Tamames, R. e G. Huerta, B.	Estructura económica internacional	Alianza Editorial-Ciencias Sociales
61	Travé, Gabriel	Didáctica de la Economía en el Bachillerato	Síntesis
62	Urrutia, Juan	Economía en porcións	Prentice-Hall
63	Varian	Microeconomía intermedia. Un enfoque actual.	Antoni Bosch Editor

Prensa dixital e revistas:

CEF-Gestión: Revista de Actualización Empresarial.

Actualidade económica <http://www.actualidad-economica.com/>

Emprendedores www.emprendedores.es

Forbes: <http://www.forbes.es/>

El País <http://www.elpais.com/economia/>

Expansión: <https://www.expansion.com/>

<https://www.expansion.com/actualidadeconomica.html>

5 Días: <https://cincodias.elpais.com/>

El Economista: <https://www.eleconomista.es/>

WEBGRAFÍA:

Educación financeira:

Finanzas para todos:

<http://finanzasparatodos.es/>

Portal do cliente bancario:

<https://cliente bancario.bde.es/pcb/es/>

Finanzas para mortales:

<https://www.finanzasparamortales.es/>

Portal Banco de España:

<https://portaleducativo.bde.es/educa/es/>

Concurso Generación Euro BDE:

<https://www.generacioneuro.eu/index.php?id=1&L=6>

Banco Central Europeo:

<https://www.ecb.europa.eu/ecb/html/index.es.html>

A Bolsa virtual:

<https://www.labolsavirtual.com/>

Bolsa de Madrid:

<http://www.bolsamadrid.es/esp/asp/Portada/Portada.aspx>

Educación tributaria:

Portal de educación cívico-tributaria da Axencia Tributaria:

https://www.agenciatributaria.es/AEAT.educacion/HomeEducacion_es_ES.html

Axencia Tributaria:

<https://www.agenciatributaria.es/>

Consellería de Facenda:

<https://www.xunta.gal/facenda>

Portal da Unión Europea:

https://europa.eu/european-union/index_es

Recursos para estudiantes de Economía:

Olimpiadas galegas de Economía:

<http://www.universidadelaboral.es/olimpiadas/>

Econolandia:

<http://www.econolandia.es/>

Econosublime:

<http://www.econosublime.com/>

Compartiendo conocimiento:

<https://josesande.com/>

Dobeconomía:

<http://dobeconomia.blogspot.com/>

D'Economía blog:

<https://deconomiablog.blogspot.com/>

Ecodubi:

<http://ecodubi.blogspot.com/>

Jramajo.com

<http://www.jramajo.com/>

Para profes de Economía:

<https://paraprofesdeeconomia.com/>

El profe de Eco:

<https://elprofedeeco.blogspot.com/>

Econoweb:

<http://econoweb.es/>

Ecobachillerato:

<http://www.ecobachillerato.com/>

Educatube:

<https://www.educatube.es/videos/economia/>

Videos de Economía e Empresa:

<http://videoseconomia.blogspot.com/>

Flipped Classroom (videos):

<https://www.youtube.com/channel/UCZVjLChWpn6l8rn864L0bMg>

Economía visual:

<http://www.economiavisual.com/>

Datos estadísticos:

INE (Instituto Nacional de Estadística):

<https://www.ine.es/>

IGE (Instituto Nacional de Estadística):

<https://www.ige.eu/web/index.jsp?paxina=001&idioma=gl>

Eurostat:

<https://ec.europa.eu/eurostat/statistics->

explained/index.php/Main_Page/es

Estatísticas OCDE:

<https://data.oecd.org/>

Datosmacro.com:

<https://datosmacro.expansion.com/>

Información laboral:

Portal da Seguridade Social:

<http://www.seg-social.es/wps/portal/wss/internet/Inicio>

Servizo Público de Empleo Estatal:

<https://www.sepe.es/HomeSepe>

Consellería de Economía, Emprego e Industria:

<https://www.xunta.gal/ceei>

Instituto Nacional de Seguridad e Higiene en el Trabajo:

<https://www.insst.es/>

Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia:

<http://issga.xunta.gal/portal/index.html>

Guía Laboral:

<http://www.mitramiss.gob.es/es/Guia/texto/>

Recursos FOL (Tempos modernos):

<http://www.tiemposmodernos.eu/>

Economía internacional:

Instituto Español de Comercio Exterior:

<https://www.icex.es/icex/es/index.html>

Banco Mundial:

<https://www.bancomundial.org/>

Fondo Monetario Internacional:

<https://www.imf.org/external/spanish/index.htm>

Organización Mundial do Comercio:

<https://www.wto.org/indexsp.htm>

8. AVALIACIÓN: CRITERIOS DE AVALIACIÓN, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

No cadro realizado para os apartados 3 e 4 desta programación aparecen incluídos os criterios de avaliación e os procedementos e instrumentos de avaliación.

Neste apartado, descríbense os procedementos e instrumentos de avaliación así como os criterios de cualificación:

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

Nome	Descrición
Exposición oral (EO)	Método para medir obxectivos que teñen que ver coa expresión oral. Instrumentarase a través da defensa dun traballo, unha presentación en grupo, unha entrevista profesor- alumno ou un debate ou posta en común.
Proba escrita de resposta aberta (PE)	Control no que o alumno constrúe a súa resposta ao redor dun tema. Pódese conceder o dereito a consultar material de apoio.
Proba obxectiva (tipo test) (PT)	Exame escrito estruturado con diversas preguntas nas que o/a alumno/a non elabora a resposta, só terá que sinalala ou completala, pero que permite avaliar sobre unha ampla base de coñecementos.
Proba práctica (PP)	Análise e resolución dunha situación práctica para que se expoña unha solución apropiada.
Traballo académico (TA)	Desenvolvemento de traballos breves e sinxelos con soporte dixital en Google sites.
<i>One minute paper</i> (OM)	Na liña da gamificación, trátase de preguntas que se realizan durante ou ao finalizar unha clase, útiles para aprender a escoitar e aprender na mesma clase.
Proxecto (PR)	Estratexia didáctica na que os estudantes desenvolven un produto novo mediante a realización dunha serie de tarefas e o uso efectivo de diversos recursos.
Observación (OB)	Estratexia baseada na recollida sistemática de datos no propio contexto de aprendizaxe: execución de tarefas, mapas conceptuais, casos prácticos, ... observables a través do caderno dixital con soporte en Google sites, traballo na aula, traballos realizados na aula virtual, ...

Nas devanditas probas ou traballos observaranse os seguintes aspectos:

- A correcta utilización de conceptos, definicións e características propias do mundo económico e empresarial.
- Xustificacións teóricas axeitadas que se acheguen no desenvolvemento das respostas.
- Claridade, orde e coherencia na exposición.
- Precisión na aplicación práctica dos conceptos teóricos.
- Deberán figurar as operacións de modo que poida reconstruírse a argumentación lóxica e os cálculos do alumno.
- Nos traballos desenvolvidos terase en conta a presentación, a expresión, as faltas de ortografía, o uso de conceptos e a orixinalidade.

Para valorar o grao de consecución dos estándares de aprendizaxe fixados para esta materia realizarase unha proba específica de avaliación con preguntas curtas e/ou tipo test por cada unha ou dúas unidades didácticas desenvolvidas. Dependendo da súa extensión e complexidade, algunha delas poderá referirse a unha soa unidade didáctica. Algún destes controis poderán ser realizados a través da aula virtual do centro pero de forma presencial nas instalacións do mesmo.

Por outra banda, en cada unha das avaliacións parciais e na avaliación final en xuño, será tido en conta o traballo desenvolvido polos alumnos/as ao longo do curso.

- A valoración do traballo desenvolvido virá determinada pola participación e o traballo desenvolvido no proxecto “**Axenda 2030 Economía IES David Buján**” (PR). O traballo no proxecto complementarase con:
 - A participación activa na aula, a realización de exposicións e presentacións orais empregando as TIC, a correcta intervención e argumentación nos debates que se propoñan, o interese polas actividades complementarias propostas...; de todo o cal se desprenda o desenvolvemento das competencias e o cumprimento dos mínimos de consecución dos estándares de aprendizaxe (PR, EO, OB).
 - A realización de pequenos traballos de investigación, resumes, comentarios, casos prácticos (exercicios e problemas), ben en material impreso ou ben en soporte dixital, arquivando de forma cronolóxica todo o material correctamente ordenado (PR, TA, OB).
 - A realización das lecturas obrigatorias que se propoñan ao longo do curso en relación cos temas desenvolvidos (PR, EO, OB).
 - A observación sistemática do alumnado a través de preguntas directas na aula, do traballo individual do alumno, da súa actitude fronte ao traballo en equipo, a posta en común da información solicitada, as súas explicacións e participación en clase ou nas actividades realizadas fóra do centro, os hábitos de traballo, a súa iniciativa e interese. A estes efectos, o alumnado empregará ademais dun caderno ou arquivo cronolóxico en formato papel, un espazo virtual web a modo de portfolio (PR, OB).
- Ademais da avaliación continua por parte do profesorado, favoreceranse os procesos de:
 - **Coavaliación:** para algunhas tarefas terase en conta a valoración respectuosa sobre o traballo e actitude dos compañeiros (PR, OM).
 - **Autoavaliación:** que será unha reflexión crítica que cada alumno debe facer sobre a súa propia aprendizaxe (OB).

SISTEMA DE CUALIFICACIÓN:

A cualificación de cada avaliación parcial e da avaliación final obterase como resultado de realizar os seguintes cálculos:

1. Os controis realizados por cada unidade didáctica terán un peso do **50% na cualificación da avaliación**. Algúns destes controis serán realizados na Aula de Informática do centro empregando a Aula virtual da web do centro e/ou outras aplicacións informáticas para a súa execución. Cada control avaliará os estándares de aprendizaxe da/s unidade/s sobre as que se realice en base a cuestións tipo test e/ou preguntas abertas (PT, PE, PP, OM)
2. A contribución ao desenvolvemento do proxecto, o traballo desenvolvido (producción do alumnado: exposicións orais e portfolio) e a participación activa na

aula (observación e preguntas de aula), valoraranse até cun **50% da cualificación da avaliación**. (PR, EO, TA, OB). Dado que na acta de avaliación se esixe un número enteiro como cualificación, aos efectos do redondeo teranse en conta as actitudes e valores desenvolvidos polo alumnado.

SISTEMA DE RECUPERACIÓN:

O proceso de avaliación será continuo para todo o alumnado. Dado que os estándares de aprendizaxe serán valorados con distintos instrumentos, non haberá probas específicas de recuperación durante o curso. A medida que avance o curso, os instrumentos de avaliación poderán referirse a unidades anteriores. Ao longo da 2ª e 3ª avaliación, abriranse prazos para que o alumnado cunha avaliación negativa poidan entregar as tarefas pendentes, ou repetilas, no caso de non ter obtido unha puntuación suficiente para aprobar. O obxectivo é o de conseguir que o alumnado sexa constante e manteña un traballo continuado ao longo do curso, que lle permita desenvolver hábitos de estudo que impidan que se descolgue da materia e que favorezan unha aprendizaxe secuenciada en termos de dificultade e de integración e interrelación dos novos coñecementos adquiridos cos anteriores.

Aqueles alumnos/as que pola súa evolución ao longo do curso non acaden unha cualificación final de 5 ou superior, deberán realizar unha proba de recuperación extraordinaria no mes de setembro a fin de acreditar ter alcanzado os obxectivos xerais do curso. Esta proba extraordinaria do mes de setembro terá o mesmo formato que as probas realizadas ao longo do curso (PT, PE, PP, OM) e poderá ser realizada parcial ou totalmente a través da Aula virtual do centro, pero nas instalacións do centro.

9. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Os indicadores de logro a empregar refírense a catro ámbitos: a planificación das clases, a motivación do alumnado, o desenvolvemento do proceso de ensinanza e o seguimento e avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

	INDICADORES
PLANIFICACIÓN	1. Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos na normativa educativa.
	2. Programa a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o seu desenvolvemento.
	3. Selecciona e secuencia de forma progresiva os contidos da programación de aula tendo en conta as particularidades de cada un dos grupos de estudantes.
	4. Programa actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe.
	5. Planifica as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados ás necesidades e aos intereses do alumnado.
	6. Establece os criterios, procedementos e os instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso de aprendizaxe dos alumnos e alumnas.
	7. Coordínase co profesorado doutros departamentos que poidan ter contidos afíns á súa materia.

	INDICADORES
MOTIVACIÓN DO ALUMNADO	1. Proporciona un plan de traballo ao principio de cada unidade.
	2. Plantea situacións que introduzan a unidade (lecturas, debates, diálogos...).
	3. Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade.
	4. Informa sobre os progresos conseguidos e as dificultades atopadas.
	5. Relaciona os contidos e as actividades cos intereses do alumnado.
	6. Estimula a participación activa dos estudantes en clase.
	7. Promove a reflexión dos temas tratados.

	INDICADORES
DESENVOLVIMENTO DAS UNIDADES	1. Resume as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema con esquemas, mapas conceptuais, ...
	2. Cando introduce conceptos novos, os relaciona, se é posible, cos xa coñecidos; intercala preguntas aclaratorias; pon exemplos, ...
	3. Ten predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fóra da aula.
	4. Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.
	5. Utiliza axuda audiovisual para apoiar os contidos na aula.
	6. Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída cos estudantes.
	7. Desenvolve os contidos dunha forma ordenada e comprensible para os alumnos e as alumnas.
	8. Formula actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da etapa educativa.
	9. Formula actividades complementarias atractivas.

	INDICADORES
SEGUIMENTO	1. Realiza a avaliación inicial ao inicio do curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes.
	2. Detecta os coñecementos previos en cada unidade didáctica.
	3. Revisa os traballos propostos na aula e fóra dela.
	4. Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas.
	5. Corrixe e explica de forma habitual os traballos e as actividades dos alumnos e as alumnas, e da pautas para a mellora das súas aprendizaxes.
	6. Utiliza suficientes instrumentos de avaliación que atendan de xeito equilibrado a avaliación dos diferentes contidos.
	7. Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación.
	8. Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron alcanzados suficientemente.
	9. Propón novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados con suficiencia.

10. ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

Non procede.

11. ORGANIZACIÓN DOS PROCEDEMENTOS QUE LLE PERMITAN AO ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS EN DETERMINADAS MATERIAS

Non procede.

12. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS

Na primeira semana do curso realizarase unha proba baseada en contidos económicos abordados nas materias da área de ciencias sociais ao longo dos tres primeiros cursos da ESO, para comprobar se o alumnado ten algún coñecemento da materia antes de iniciar o seu estudo formal. Por outra banda, en cada unidade didáctica partírase dos coñecementos previos que poida ter o alumnado acerca dos contidos a tratar, ampliándoos ou modificándoos coa intención de levar a cabo unha aprendizaxe significativa.

13. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Cada alumno posúe unhas peculiaridades que o diferencian do resto do grupo. Non todos aprenden ao mesmo ritmo ou teñen os mesmos intereses e capacidades.

Por iso propóñense nesta programación as seguintes medidas:

- Realizaranse actividades educativas para todo o grupo, á vez que estratexias que atendan ás diferenzas individuais do alumnado.
- Actividades e situacións de ensino e aprendizaxe variados e flexibles, para que acceda o maior número de alumnos e posibiliten diferentes puntos de vista e tipos de axuda.
- Referencias a aprendizaxes xa contempladas para posibilitar o repaso e a fixación dos contidos que poden requirir un maior grao de dificultade para algúns alumnos.
- Actividades que expoñan solucións abertas e flexibles potenciando a individualidade do alumno e permitindo ao profesor avaliar a cada suxeito segundo as súas posibilidades e esforzo.

- As actividades non deben basearse unicamente na transmisión de información. Deben partir das experiencias, coñecementos previos e datos da realidade á que teñen acceso os alumnos, facilitando unha aprendizaxe no que poidan comprobar a utilidade do aprendido e fomentar o interese por novos coñecementos.
- O papel do profesor neste sentido será fundamentalmente de guía e mediador.
- Facilitar ao alumno novas experiencias que favorezan á aprendizaxe de destrezas, técnicas e estratexias que lle permitan enfrontarse a novas situacións de forma autónoma e responsable.

Estas medidas de atención á diversidade han de favorecer a adaptación aos intereses, capacidades e motivacións dos alumnos respectando sempre un traballo común de base e intención formativa global que permita a consecución das competencias clave e dos obxectivos do curso e da etapa.

Así mesmo, contemplaranse en colaboración co Departamento de Orientación do centro, as adaptacións do currículo e programas de tratamento personalizado para o alumno con necesidade específica de apoio educativo. Neste sentido, é importante establecer os procedementos oportunos cando sexa necesario realizar adaptacións significativas dos elementos do currículo, a fin de atender ao alumnado con necesidades educativas especiais que as precise. Ditas adaptacións realizaranse buscando o máximo desenvolvemento posible das competencias; a avaliación continua e a promoción tomarán como referente os elementos fixados nas devanditas adaptacións. En calquera caso os alumnos con adaptacións curriculares significativas deberán superar a avaliación final.

É previsible que haxa unha diversidade de capacidades, intereses, motivacións e actitudes dos alumnos, iso esixe expoñerse aos contidos e a avaliación de modo flexible, de maneira que sexan capaces de adaptarse á situación real e concreta de cada alumno/a. Por iso é polo que o nivel de cumprimento dos obxectivos non ha de ser medido de forma mecánica, senón con flexibilidade, tendo en conta o contexto do alumnado, é dicir, ás súas propias características e posibilidades. Neste sentido, en colaboración co departamento de Orientación, dedicarase atención preferente aos alumnos con necesidades educativas especiais, para que poidan alcanzar os obxectivos educativos previstos. A tal fin será necesario previr e incluír a diversificación de contidos e, sobre todo, de actividades que permitan esa atención de modo axeitado e suficiente.

14. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Os elementos transversais son un conxunto de coñecementos, hábitos, valores, etc., que deben entrar a formar parte do desenvolvemento de todas e cada unha das materias básicas en que se organiza o currículo. A educación ten por finalidade capacitar aos individuos para que se desenvolvan no seu medio de forma autónoma e para iso contribúe a desenvolver nos alumnos/as aquelas capacidades que lles van a proporcionar ser cidadáns plenos. Pero hai cuestións transcendentais que non se abordan de forma exclusivamente académica como o traballo do desenvolvemento e construción persoal. Atopámonos coa necesidade de educar aos alumnos/as en valores e axudarlles a aprender a vivir, adoptando unha forma de vida que sexa posible soste, para crear cidadáns libres, autónomos e con principios para enfrontarse de forma crítica na sociedade que lles acolle. Esta sociedade demanda que non só se transmitan coñecementos, senón que as escolas formen a persoas que sexan capaces de vivir e convivir no respecto, a liberdade e os principios democráticos.

Os temas transversais son contidos basicamente actitudinais que van influír no comportamento condutual do noso alumnado. Son valores importantes tanto para o desenvolvemento integral e persoal do noso alumnado, como para o desenvolvemento dunha sociedade máis libre, democrática, respectuosa co medio e tolerante, cun horizonte que nesta programación actualmente ocupa a Axenda 2030.

A normativa determina que en Educación Secundaria Obrigatoria, estes elementos son:

- **Comprensión lectora e expresión oral e escrita.**
- **Comunicación audiovisual.**
- **Uso das Tecnoloxías da Información e a comunicación.**
- **Emprendemento.**
- **Educación cívica e constitucional.**

Traballaranse a educación en valores de forma transversal e continua, ao longo de todo o proceso de ensino-aprendizaxe.

15. CONTRIBUCIÓN DO DEPARTAMENTO AO PROXECTO LECTOR

Entre os materiais e recursos didácticos para o desenvolvemento da programación das materias que dependen deste departamento, citáronse expresamente a prensa xeral e, máis especificamente, a prensa económica e algunhas revistas que serán utilizadas como recursos didácticos que contribuirán a achegar ao alumnado á actualidade económica ademais de desenvolver a súa comprensión lectora e enriquecer o seu vocabulario.

Por outra parte, no marco do Plan Lector, en relación coa promoción da lectura, tendo en conta os fondos existentes na biblioteca do centro (A3P), recoméndase ao alumnado a lectura e/ou consulta dalgunha das obras que aparecen a continuación, dalgunhas das cales existen exemplares dispoñibles na biblioteca do centro:

Alumnado Economía 4º ESO:

- **Aporofobia: el rechazo al pobre: un desafío para la sociedad democrática.** Adela Cortina. Ed. Paidós.
- **El libro prohibido de la Economía. Lo que las marcas, los bancos, las empresas, los gobiernos, ... no quieren que sepas.** Fernando Trías de Bes. Espasa.
- **El libro negro del emprendedor.** Fernando Trías de Bes. Empresa Activa.
- **Éxito para perdedores.** David Cantolla y Juan Díaz-Faes. Astiberri.
- **El vendedor de tiempo.** Fernando Trías de Bes. Empresa Activa.
- **La buena suerte.** Alex Rovira e Fernando Trías de Bes. Empresa Activa.
- **El mercado y la globalización.** José Luís Sampedro. Ed. Destino.
- **El mercado y nosotros.** José Luís Sampedro. Ed. Destino.
- **Mejor con menos.** Necesidades, explosión consumista y crisis ecológica. Joaquim Sempere. Editorial Crítica.
- **Vivir mejor con menos.** Descubre las ventajas de la nueva Economía colaborativa. Albert Cañigüeral. Conecta.
- **Reciclaje creativo.** Sonia de la Varga. Edicións Martínez Roca.
- **Stop basura: la verdad sobre reciclar.** Alex Pascual.

En 4º ESO, a denominada “**Hora de ler**” establecida no Plan lector do centro, será destinada á lectura de prensa económica ou dalgunha das obras anteriormente citadas, aínda que nalgunha ocasión eses 20 minutos (en función dos contidos da materia a desenvolver a continuación), serán destinados no marco das denominadas “alfabetizacións múltiples” á lectura e interpretación de datos, gráficos e/ou documentos de carácter económico.

17. CONTRIBUCIÓN DO DEPARTAMENTO AO PLAN TIC

En todas as materias impartidas por este departamento fomentárase o uso das novas tecnoloxías da información para obter o máximo aproveitamento á hora de realizar as actividades e traballos propostos, así como para os proxectos que se leven a cabo. A utilización das tecnoloxías da información e a comunicación na aprendizaxe da economía para obter información, simular e visualizar situacións, para a obtención e o tratamento de datos, etc., é un recurso útil que contribúe a mostrar unha visión actualizada da realidade económica. Neste sentido como recursos didácticos foron recompiladas na webgrafía que aparece no apartado de recursos e materiais didácticos desta programación, un conxunto de sitios web de interese para o alumnado. Tamén hai un espazo web creado por este departamento na páxina web oficial do instituto desde o que acceder a estas ligazóns así como a outros recursos e actividades realizadas polo departamento: <http://www.edu.xunta.gal/centros/iesdavidbujan/taxonomy/term/59>

A realización guiada de procuras na web constitúe un medio para o desenvolvemento da competencia dixital e desenvólvese fomentando a procura, selección e utilización de información en medios dixitais, ademais permite que o alumnado se familiarice cos diferentes códigos, formatos e linguaxes nas que se presenta a información (datos estatísticos, representacións gráficas, táboas...) Tamén se procura desenvolver no alumnado a capacidade de utilizar a información de maneira crítica e sistemática, salvagardando en todo caso a súa necesaria privacidade así como o debido respecto aos dereitos de autor (en relación coa utilización de imaxes por exemplo).

Nas aulas, o profesor fará uso dos encerados dixitais dispoñibles cando así o requira a unidade didáctica a desenvolver, invitando ao alumnado a participar activamente facendo un uso apropiado do mesmo. En función da dispoñibilidade das Aulas de Informática do centro, o alumnado traballará cos equipos informáticos do centro baixo as directrices do profesor.

Desde o departamento promoverase así mesmo a utilización das contas de correo propias do centro (@iesdavidbujan.com) e as ferramentas colaborativas inherentes a dito dominio (Google Drive para compartir moitos arquivos, Google sites para a creación de páxinas web simples, Google docs...), ferramentas imprescindibles para desenvolver o proxecto “**Axenda 2030 Economía IES David Buján**”.

Por outra parte, os contidos, criterios e estándares de avaliación da materia incorporan o coñecemento e uso das principais aplicacións informáticas: os programas de tratamento de textos, follas de cálculo, presentación de diapositivas, etc. Neste sentido este departamento promocionará a utilización de

software libre á hora de utilizar programas de tratamento de textos, follas de cálculo, presentacións de diapositivas ... en consonancia coa utilización do sistema operativo Linux instalado na práctica totalidade dos ordenadores a disposición do alumnado do centro.

Outra capacidade potenciada é a de utilizar ferramentas informáticas para producir, presentar e comprender información de complexidade progresiva e ter a habilidade necesaria para acceder a servizos baseados en Internet, buscalos e utilízalos; pero, ao mesmo tempo, tamén a capacidade de saber como empregar as TIC en apoio do pensamento crítico, a creatividade e a innovación.

A utilización das Tecnoloxías da Información e a Comunicación faise imprescindible para a adquisición de actitudes e destrezas no manexo de ferramentas e programas informáticos e na correcta utilización de software específico de xestión empresarial, así como para alcanzar algúns dos obxectivos establecidos nas actividades ou tarefas que se programen ao longo do proceso de ensinanza-aprendizaxe e para a creación e difusión de contidos que permitan expoñer os resultados dos traballos realizados.

Este departamento ten catro cursos dados de alta na Aula virtual da web do centro (plataforma Moodle):

- Economía 4º ESO
- Economía 1º BAC
- Economía da empresa 2º BAC
- Fundamentos de administración e xestión 2º BAC

É interesante que o alumnado se introduza no uso de Aulas virtuais e que aproveite os recursos e tarefas que pode consultar en calquera momento, contribuíndo en todo momento a facilitar e mellorar o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Outras ferramentas TIC utilizadas polo departamento nalgunhas unidades didácticas:

- En relación coa visualización e subida de vídeos á rede:
<https://www.youtube.com/?gl=ES&hl=es> <https://vimeo.com/>
- En relación coa elaboración de murais e outras tarefas colaborativas: Padlet, Pinterest.
<https://es.padlet.com/dashboard> <https://www.pinterest.es/>
- Prezi, ferramenta utilizada para algunhas presentacións:
<https://prezi.com>
- Para o proxecto a desenvolver e para pequenos traballos, poderanse utilizarse blogues ademais de **Google Sites**:
<https://www.blogger.com> <https://es.wordpress.com/>
- Para a xeración de códigos QR: <https://www.unitag.io/es/qrcode>
- Para a introdución da gamificación na aula, ferramentas como Socrative, Kahoot...

17. CONTRIBUCIÓN DO DEPARTAMENTO AO PLAN DE CONVIVENCIA

O plan de convivencia de centro enténdese como unha ferramenta para que o noso centro, desde a súa situación particular, estableza, aplique e avalíe as medidas que se consideran máis axeitadas para promover procesos que permitan a mellora das relacións a nivel de centro, co contorno, nas aulas e a nivel individual entre os distintos membros da comunidade educativa. Nese sentido, este departamento colaborará co Departamento de Orientación e co Equipo de Convivencia e Mediación no labor de concienciación sobre a importancia dunha axeitada convivencia escolar que permita unha mellor realización do proceso de ensinanza-aprendizaxe, na detección o antes posible de conflitos que poidan xurdir nas aulas para que poidan ser resoltos de maneira pacífica, establecer normas de funcionamento e organización das clases, da aula ou de calquera espazo utilizado para impartir a materia, motivar ao alumnado para interiorizar a cultura do diálogo e a mediación, previr as actitudes violentas no ámbito escolar, tratar de facilitar a integración do alumnado novo no centro, detectar e actuar en casos de exclusión de alumnado e, sobre todo, colaborar na prevención, detección e intervención ante situacións de acoso escolar, fomentando unha educación en valores para a mellora da convivencia e o respecto entre todos os membros da comunidade, a colaboración na resolución de conflitos de forma construtiva, a educación emocional cando as situacións que xurdan na aula o propicien e colaborar no mantemento do centro como un centro agradable, fomentando a limpeza, a orde e o coidado das instalacións, promover a igualdade de xénero, con vistas a erradicar actitudes machistas e formar persoas solidarias e comprometidas co seu entorno.

A través da participación activa do alumnado no proxecto proposto “**Axenda 2030 Economía IES David Buján**” e de acordo cos principios metodolóxicos do traballo por proxectos e a aprendizaxe colaborativa, desde este departamento fomentárase o traballo cooperativo que contribúa a un maior coñecemento entre si de todos os estudantes a través do desenvolvemento de actividades nas que interactúen nun clima de respecto e tolerancia, a través das exposicións orais, os debates, lecturas, visualización e comentarios de vídeos ou películas que se utilicen como recursos, sempre na procura da mellora da convivencia dentro e fóra das aulas, etc., co obxectivo de fomentar unha educación de calidade baseada en valores como a cooperación, a solidariedade, a tolerancia, a pluralidade o respecto, a non discriminación, a responsabilidade, a igualdade, a liberdade, a xustiza e a cooperación.

18. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

- Visitas para o alumnado que cursa a materia de **Economía 1º bacharelato**:
 - Un grupo visitará a sede de **Pull&Bear**, en Narón, do grupo multinacional do sector téxtil **Inditex, S.A.**, prevista para o segundo trimestre do curso (Data: 6 de marzo de 2020).
 - Outro grupo visitará **Zara** e á sede central de **Inditex** en Arteixo, prevista tamén para o 3º trimestre (Data: 2 de abril de 2020).
- Visita para o alumnado que cursa a materia de **Economía en 4º ESO**:
 - Pendente. Será proposta na CCP cando teña sido concertada.
- Ao longo do curso, en función das iniciativas que xurdan en relación co proxecto “**Axenda 2030 Economía IES David Buján**”, este departamento poderá propoñer á CCP actividades adicionais para a súa aprobación. Valorarase, no seu caso, a posibilidade de participar na convocatoria anual do **Premio Nacional de Educación para o Desenvolvemento Vicente Ferrer** da **AECID** (Asociación Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento), tendo en conta que a súa convocatoria trata de recoñecer accións, experiencias educativas ou propostas pedagóxicas destinados a sensibilizar, concienciar, desenvolver o espírito crítico, e fomentar a participación activa do alumnado na consecución dunha cidadanía global, solidaria, comprometida coa erradicación da pobreza e as súas causas e o desenvolvemento humano e sostible.
- Promoverase a participación do alumnado de 1º bacharelato na convocatoria anual do concurso organizado na **Aula Virtual do Banco de España** “**Concurso Generación Euro**” que ten por obxecto dar a coñecer a política monetaria do Eurosistema e o papel que desempeña este como garante da estabilidade de prezos.

Para 4º ESO:

- A través da Fundación Junior Achievement, valorarase ao longo do curso na participación de charlas de orientación profesional. Empregados de importantes empresas visitan o centro educativo para transmitir as súas experiencias reais como empregadosx, fomentar a adquisición de competencias e habilidades requiridas actualmente no mercado laboral, transmitir a importancia da dedicación á formación ao longo da vida e potenciar a orientación académico-laboral desde as idades máis temperás para tomar unha decisión acertada sobre o seu futuro académico profesional.

- Traballárase co **Portal de Educación Cívico-Tributaria** creado pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, dirixido ao alumnado de Secundaria, e que ten como obxectivo primordial transmitir valores e actitudes favorables á responsabilidade fiscal e contrarios ás condutas defraudadoras.
- Así mesmo, os alumnos/as terán a oportunidade de traballar parte do resto dos contidos da materia a través doutros portais como o **Portal do Cliente bancario**, creado polo Banco de España; o **Portal da Unión Europea, Gepeese (Programa de Ed. Financeira** do Banco de España e a CNMV)...

19. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

Conxuntamente cos indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente expostos no apartado 8 desta programación, os mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica irán encamiñados á incorporación, cambio ou supresión de aqueles elementos que poidan mellorar a programación. Neste sentido os mecanismos que se propoñen recollen tres aspectos fundamentais relacionados coa programación: o proceso de planificación, a aplicación e desenvolvemento da programación e os resultados obtidos. A partir da súa análise, permitirán establecer un proceso de “feed-back” ou retroalimentación coa finalidade tanto de mellorar os resultados como de modificar aqueles aspectos susceptibles de mellora.

Aspectos susceptibles de analizar como parte da revisión, avaliación e modificación da programación didáctica:
Planificación:
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Os estándares de aprendizaxe avaliábeis están organizados e secuenciados oportunamente en relación ás unidades didácticas previstas.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Definíronse os indicadores de logro vinculados aos estándares de aprendizaxe.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Asociáronse aos estándares de aprendizaxe avaliábeis os instrumentos de avaliación e indicadores de logro.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Deseñouse a avaliación inicial e definíronse as consecuencias dos resultados.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ A temporalización e secuenciación planificada para cada unidade didáctica foi axeitada.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Establecéronse canles de coordinación co resto do profesorado que imparte clase no mesmo grupo.

Aplicación:

- Definíronse actividades de apoio, reforzo e recuperación vinculados aos estándares de aprendizaxe.
- Contémplanse medidas de atención á diversidade axeitadas.
- Presentáronse artigos, revistas e libros relacionados coa materia para a animación á lectura e o desenvolvemento da comprensión e expresión oral e escrita.
- Adoptáronse medidas para incorporar as TIC aos procesos de ensinanza e aprendizaxe
- Aplicouse a metodoloxía didáctica establecida na programación.
- Realizouse unha selección axeitada dos recursos didácticos.
- Desenvolvéronse os temas transversais nas diferentes unidades didácticas programadas.
- Houbo unha oferta desde o departamento de economía axeitada de actividades complementarias e/ou extraescolares.

Resultados:

- Informouse ao alumnado sobre os estándares de aprendizaxe avaliados, os procedementos e instrumentos de avaliación e os criterios de cualificación.
- Empregáronse procedementos e instrumentos de avaliación variados.
- Identificáronse os instrumentos de avaliación aplicables a cada estándar de aprendizaxe.
- Os criterios de cualificación resultaron comprensibles para o alumnado.
- Houbo algunha reclamación as cualificacións finais por parte do alumnado?